

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019751	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abrú novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo, adoitando diferentes roles dentro do mesmo.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Como nos cursos anteriores, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación continúan articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica, que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 4º curso de ESO, a materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través da interpretación instrumental, vocal ou dancística, da creación, da improvisación, das aplicacións tecnolóxicas e dixitais, da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de obras ou fragmentos musicais, escénicos ou dancísticos de diferentes estilos e culturas do mundo, facendo especial fincapé nas manifestacións musicais de Galicia e de España.

Esta proposta didáctica busca a aprendizaxe global dos contidos da materia a través de unidades heteroxéneas que abranguen os contidos dos diferentes bloques e conecten os coñecementos aprendidos. Traballaranse moitos dos contidos non só na unidade na que aparecen presentados por primeira vez, senón nas seguintes unidades, para que sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos. O desenvolvemento das destrezas musicais precisa da asimilación dos conceptos previos para poder construír novas estruturas máis complexas a través da aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través da experiencia podemos comprender o mundo en si da

música, os seus contidos, a importancia do traballo en equipo, da perseveranza, da autonomía e do compromiso cos demais, no que supón subirse a un escenario para estrear un proxecto. En conclusión, é a esa experiencia da música á que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A escoita activa	BL 1 O silencio, o son e o ruído. Parámetros do son, harmonía, textura, forma. Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas	11	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A escoita activa	etapas. Esta unidade introductoria, servirá de avaliación inicial dos coñecementos acadados polo alumnado nos cursos anteriores respecto aos contidos relacionados no párrafo anterior	11	15	X		
2	Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións	BL 1 Historia da música ata a actualidade. Xéneros musicais e dancísticos. Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta. Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. Esta unidade, transversal para todo o curso, é unha ampliación destes contidos xa iniciados nos cursos anteriores	33	30	X	X	X
3	Audición activa de obras musicais, escénicas e dancísticas	BL 1 Audicións comentadas para a análise descritiva de obras musicais, escénicas e dancísticas e das súas características máis relevantes. BL 1 Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal como escrito Uso de vocabulario adecuado, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo. Esta unidade, transversal para todo o curso, é unha ampliación destes contidos xa iniciados nos cursos anteriores	33	30	X	X	X
4	Linguaxe e práctica musical nos repertorios da música e da danza en Galicia, en España e nas músicas do mundo	BL 2 y BL 3 Coñecemento práctico da linguaxe da música, da harmonía, da forma e da textura e o resto dos elementos da linguaxe musical na música galega, na música española e nas músicas do mundo. Coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, a través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical e/ou dancística	12	15		X	
5	A música popular urbana. A música nas artes escénicas e nos medios audiovisuais.	BL 3 A música popular urbana desde a súa orixe ata a actualidade: principais estilos e características. Grupos, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia. BL 1 A música nas artes escénicas: a danza contemporánea, o ballet, a ópera e as súas variantes, o musical etc. BL 3 A música nos diferentes medios audiovisuais: cinema, radio, televisión,	11	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A música popular urbana. A música nas artes escénicas e nos medios audiovisuais.	publicidade, etc. Historia da música no cine, dende as orixes ata a actualidade. Sistemas de gravación e reprodución de son e imaxes. Visionado, escoita activa e análise crítica de diferentes manifestacións musicais nos diversos medios.	11	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A escoita activa	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Distinguir os efectos que o uso indiscriminado da música e da contaminación sonora provoca na saúde das persoas a partir da análise de contextos nos que se reflicte a súa incidencia	PE	50
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler células rítmicas básicas (negras, corcheas, semicorcheas) co sentido do pulso en clave de sol (Do4-Do5) Analizar e describir os elementos básicos dunha partitura: ritmo, melodía, símbolos musicais	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.

UD	Título da UD	Duración
2	Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valorar criticamente, a partir dunha perspectiva histórica e cultural, a discriminación que sufriron e sofren mulleres e homes no mundo da música e da danza. Reflexionar sobre posibles solucións.	PE	75
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical que caracterizan a música popular, impartidos na unidade.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Recoñecer, valorar e respectar os axentes que interveñen nunha obra musical ou dancística, e os seus rasgos estilísticos básicos.		
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar os aspectos técnicos e estilísticos a partir da escoita ou visionado de obras ou fragmentos traballados na unidade	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical.

UD	Título da UD	Duración
3	Audición activa de obras musicais, escénicas e dancísticas	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar obras ou fragmentos musicais e dancísticos de diferentes épocas, identificando as características básicas e os rasgos estilísticos que os definen.	PE	70
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos da linguaxe musical das obras propostas, a través da análise de partituras e das ferramentas dixitais aplicadas á escoita.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural da música a través da identificación das súas especificidades.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical.

UD	Título da UD	Duración
4	Linguaxe e práctica musical nos repertorios da música e da danza en Galicia, en España e nas músicas do mundo	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características, instrumentos e trazos estilísticos máis definitorias en relación á historia e á linguaxe musical e dancística, evidenciando respecto, tolerancia e interese.	PE	15
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural da música popular a través da identificación das súas especificidades.		
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Coñecer e valorar a través da análise e da escoita, os elementos máis identificativos da linguaxe musical e dancística galega traballados na unidade.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar en grupo con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de música popular.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar dancísticamente unha coreografía dos bailes típicos de Galicia e de España con partes improvisatorias pautadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler as partituras ou os fragmentos de cancións da música popular, que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos, e formáis.	TI	85
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha canción empregando as técnicas adecuadas.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección e expresividade, vocal ou instrumentalmente, as partituras traballadas ao longo do curso, tanto na voz de melodía como de acompañamento en formación vocal ou orquestral		
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar con interese na planificación e execución dunha proposta artístico-musical colaborativa, manifestando respecto aos demais e desempeñando con corrección a función asignada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar en agrupación vocal ou orquestral as cancións ou melodías da música galega impartidas na unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.

UD	Título da UD	Duración
5	A música popular urbana. A música nas artes escénicas e nos medios audiovisuais.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar e identificar a partir da escoita e visionado as características máis definitorias de exemplos musicais da historia da música no cine e nos medios audiovisuais, encadrándoos no contexto.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Aprender a valorar, a través do visionado, as diferentes manifestacións artísticas escénicas, sen os prexuízos dos roles de xénero.	PE	50
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a importancia e función da música, desde unha perspectiva histórica, nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, etc., así como na actualidade.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan as artes escénicas.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado e análise, valorando a través da identificación das súas especificidades as producións audiovisuais propias ou alleas.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Realizar con creatividade unha proposta audiovisual usando as ferramentas tecnolóxicas e dixitais axeitadas e as interpretacións ou elementos interpretativos musicais e dancísticos, propios ou alleos.	TI	50
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na realización dunha proposta audiovisual artístico-musical colaborativa, respectando as achegas e as producións dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.

Contidos

- Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario.
- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.
- Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Principios metodolóxicos

Atención individualizada: é un principio metodolóxico esencial e, no caso de música que leva unha práctica individual implícita, debe ser respectado co fin de acadar os obxectivos satisfactoriamente dende a diversidade existente na aula.

Aprendizaxe significativa: leva a construír o coñecemento a partir dos coñecementos previos do alumnado, a modo de andamiage. Para isto, será imprescindible levar a cabo unha avaliación inicial efectiva e determinar en cada unidade cales son os coñecementos que posúe o alumnado, para partir deles e crear unha estrutura de coñecemento firme.

Traballo individual e colaborativo: así como o compromiso, o traballo e a práctica individual son esenciais para acadar os obxectivos persoais e desenvolver unha labor satisfactoria dentro do grupo, a colaboración é un principio que rexe gran parte das actividades desta programación. Dende a práctica musical grupal até a adquisición de coñecemento entre iguais, son principios básicos para desenvolver as destrezas necesarias para manexarse nun contexto no que a relación interpersoal prima en moitos aspectos coma o social, o laboral, o familiar...

Interdisciplinariade: sempre que sexa posíbel aproveitarase o coñecemento doutras materias para complementar a aprendizaxe musical. Como exemplo, o pensamento lóxico-matemático, os coñecementos de historia e xeografía. En definitiva, cada unha das materias funcionan como un ingrediente dentro da formación integral do alumnado.

Globalización: recóllense actividades onde a socialización e a sensibilidade compren un papel esencial, aspectos fundamentais no desenvolvemento das persoas nun mundo globalizado.

Contorna sociocultural: fomentarse a participación do alumnado nas actividades culturais tanto da vila como da contorna. As agrupacións folclóricas, a banda de música e as diversas actividades culturais, xunto coa realización de actividades interdepartamentais, favorecerán o desenvolvemento musical e cultural do alumnado.

Fomento da lectura: a través da recomendación de diversos textos sobre música fomentarse a lectura do alumnado, dinamizando, así mesmo, o uso da biblioteca escolar.

Uso das TIC: o manexo das TIC debe estar totalmente introducido e normalizado entre os discentes, polo que a utilización de distintas aplicacións e dispositivos dixitais relacionados co música axudarán a desenvolver as habilidades e destrezas dixitais do alumnado.

Ao longo das diferentes unidades empregaranse diversas estratexias metodolóxicas, dependendo da tipoloxía de actividade así como da modalidade grupo/individual.

As principais son:

Aprendizaxe por imitación: o alumnado aprenderá ou resolverá dúbidas repetindo o feito polo/a docente ou compañeiros/as. Este tipo de metodoloxía é común á hora de aprender obras musicais, danzas ou modos de improvisación.

Aprendizaxe por descubrimento guiado: este tipo de aprendizaxe foi desenvolvido polo pedagogo Jerome Bruner. Trátase dunha aprendizaxe cun enfoque construtivista no que o alumnado, coa guía da docente, é quen ten que buscar a resolución dos problemas que se lle presentan para a adquisición de novos coñecementos.

Aprendizaxe colaborativa: propia das actividades grupais, na que o alumnado debe aportar o seu coñecemento e traballar en equipo para acadar os obxectivos propostos.

Aprendizaxe baseada en proxectos: neste caso o alumnado traballa arredor dun centro temático coa finalidade de acadar un coñecemento resultante. Afonda na autonomía do alumnado, así como na colaboración e elaboración de estratexias.

Rol do profesor:

O profesor debe actuar como guía na aprendizaxe do alumnado, o que favorecerá a autonomía do mesmo. Presentará con claridade as actividades e as estratexias a seguir e seguirá o proceso de aprendizaxe. Ademais, tratarase de crear un clima de achegamento entre docente e discentes, partindo sempre que se poida dos intereses particulares do alumnado e respectando en todo momento as súas opinións e gustos. A atención individualizada e a adaptación ás características de cada discente xogan un papel esencial na súa actividade lectiva.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Material persoal do alumnado: Lapis, goma, bolígrafos, papel pautado, libreta.

Materiais aula funxíbeis: Papel pautado, folios, rotuladores de encerado.

Material non funxíbeis: Instrumentos musicais da aula (instrumental Orff, guitarras, baixo, batería, amplificadores, baquetas, piano, teclados, pandeiretas...), encerado pautado, libros de música, aula e recursos E-Dixgal, materiais propios das unidades.

Medios tecnolóxicos e TIC: Ordenadores de cada alumno/a, ordenador do profesorado, proxector, pantalla de proxección, altosfalantes, acceso a internet, micrófonos, mesa de mesturas, tarxeta de son, programas informáticos específicos (Musescore, Audacity...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións do curso, realizaranse diversas actividades para coñecer os puntos de partida do grupo e individuais. Ademais compilarase información dos informes de anos anteriores, das conversas co resto de profesorado, do contacto co/a titor/a, do Departamento de Orientación e das conversas coa familia, co fin de tomar as medidas necesarias para axustar a proposta de ensino ás necesidades reais, adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave, e para a toma de decisións na programación de aula e adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	33	33	12	11	100
Proba escrita	50	75	70	15	50	61
Táboa de indicadores	50	25	30	85	50	39

Criterios de cualificación:

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: (UD 1=11%) + (un tercio da UD 2, que é trasnversal =11%) + (un tercio da UD 3, que é trasnversal =11%) = 33%

- 2º Trimestre: (UD 4=12%) + (un tercio da UD 2, que é trasnversal =11%) + (un tercio da UD 3, que é trasnversal =11%) = 34%

- 3º Trimestre: (UD 5=11%) + (un tercio da UD 2, que é trasnversal =11%) + (un tercio da UD 3, que é trasnversal =11%) = 33%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.9 tenderase a nota enteira inferior, e se é igual a 0.9 ou están por enriba de 0.9 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.8 a nota será 7; se a media é 7.9 a nota será 8.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 realizará probas de recuperación dos contidos teóricos e prácticos da materia non superados.

As novas cualificacións obtidas nas probas de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo da nota correspondente á avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Para a elaboración deste punto, tense en consideración o artigo 52 da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade.

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e motivación que desenvolve cada alumno ou alumna do curso.

O profesorado desenvolverá diferentes estratexias de ensino co fin de facilitar as aprendizaxes das alumnas e os alumnos en función das súas necesidades concretas.

Como vías concretas de actuación podemos sinalar as seguintes:

-Conveniencia da interacción entre o alumnado como factor favorecedor da aprendizaxe.

-Traballo en grupo, alternado co individual pode ser utilizado con diferentes intencións para traballar diferentes niveis de dificultade.

-Utilización da Aprendizaxe Cooperativa e/ou colaborativa.

-Organización e presentación dos contidos de forma interrelacionada con outras áreas dado que facilita a súa xeneralización e aplicación a situacións novas.

-Utilización de materiais didácticos variados e graduais en función da dificultade.

-Maior atención no proceso que no resultado do alumnado.

-Consideración da avaliación como un instrumento ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe, e non como a culminación do mesmo.

Todas estas actuacións levaranse a cabo mediante:

-Introdución-motivación, para favorecer o interese e participación do alumnado na aprendizaxe.

-Diagnóstico de coñecementos previos, que permitan expresar os seus acertos e erros conceptuais.

-Consolidación, para contrastar e establecer relacións entre as novas ideas e as previas do alumnado.

-De ampliación de autonomía, que axuden á adquisición de destrezas relacionadas co aprender a aprender.

A diversidade de coñecementos e habilidades do alumnado de Educación Secundaria está presente en tódas as materias. É frecuente encontrar alumnado que asiste a centros especializados de música e que teñen un nivel de coñecementos superior á media nalgúns dos contidos que integran o currículo de materia.

Sen embargo, non se pode esquecer que a finalidade fundamental do proceso educativo é a construción do coñecemento, e este constrúese a partir de diferentes ritmos de aprendizaxe e, tamén, de diferentes puntos de partida que constitúen a riqueza do proceso.

Calquera alumno ou alumna é diferente de outro/a e, polo tanto, non todo o alumnado do grupo-clase aprende do mesmo xeito nin ao mesmo ritmo. O respecto ao ritmo de traballo, asimilación persoal, habilidades e dificultades individuais ha de estar presente no proceso de ensinanza-aprendizaxe como un elemento fundamental. Esta apreciación leva a considerar a situación particular de cada alumno/a como unha aportación que fai ao proceso, que se organizará tendo en conta esta diversidade.

Hai alumnado que ten máis dificultade no desenvolvemento de determinados contidos ou na realización de certo tipo de actividades. Algúns/has necesitan unha atención máis personalizada do profesorado ou un maior apoio. Hai outros/as para os/as que é preciso propor, nuns casos, actividades de afondamento e noutros, de reforzo. Para dar resposta a esta diversidade, as unidades didácticas das nosas programacións de aula incluírán unha serie de actividades que permitan ao profesorado seleccionar aquelas máis axeitadas en cada caso particular. Así mesmo, o feito de que programemos actividades con distintos agrupamentos, permite a atención individualizada a pequenos grupos ao tempo que outros/as realizan o seu traballo de xeito autónomo.

Non obstante, e a pesar das medidas que se poidan tomar nos distintos niveis de concreción do currículo, hai situacións nas que ditas medidas non son suficientes para dar resposta axeitada a algunhas das necesidades educativas que se presentan. Nestes casos, o profesorado terá que adoptar un conxunto de decisións e medidas pedagóxicas de carácter "extraordinario" e individual, complementarias ás establecidas nos niveis de toma de decisións mencionados. Baixo estas circunstancias aparece o termo "necesidades educativas especiais", que contempla tanto a aquel alumnado que presenta algún tipo de discapacidade de orixe motor, sensorial, psíquico ou múltiple, como o que posúe unha alta capacidade intelectual ou talento específico, en comparación co resto dos seus compañeiros/as. A variedade e diversidade de actividades propostas nas distintas unidades didácticas tamén responderán a esta situación, considerando que en calquera caso, o alumnado debe ser integrado no grupo e a súa diferenza contribuirá a enriquecer o traballo de todos/as.

Alumnado con altas capacidades:

Segundo o establecido na ORDE do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, un alumno poderá ser adiantado un ano durante a etapa de secundaria.

A sobredotación intelectual dun alumno ou alumna deberá ser acreditada mediante a avaliación psicopedagóxica correspondente. Nela deberase prever que a medida de flexibilización do período de escolarización é adecuada para o desenvolvemento do equilibrio persoal e da socialización do alumno ou alumna.

O alumnado con avaliación psicopedagóxica cun resultado de altas capacidades, será motivado mediante a realización de actividades de ampliación no caso de superar as actividades propostas na aula sen problema.

Alumnado con necesidades educativas significativas:

Cando as dificultades son xerais e permanentes levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas en colaboración co departamento de orientación do I.E.S.

De cada unha delas quedará constancia no departamento. Enténdese por estas, as que consisten na eliminación de contidos esenciais ou obxectivos xerais e a conseguinte modificación dos respectivos criterios de avaliación.

En canto aos protocolos a aplicar nos casos particulares de ANEAE, serán os seguintes:

Nos casos de TDAH, aplicarase o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.

Nos casos de TEA, aplicarase o Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X		X
ET.2 - Creatividade				X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial				X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita		X	X		X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e concertos do alumnado	As pezas musicais, dancísticas ou escénicas traballadas ao longo do curso interpretaranse en público en Nadal, nas datas de conmemoracións, ou a final de curso. Tanto no Centro como noutros espazos (salóns de actos, auditorios) do concello ou de asociacións culturais. etc	X		X

Observacións:

Dende este Departamento, colabórase activamente nas celebracións do IES con diferentes actos musicais: Festa do Magosto, Santa Cecilia (patroa dos músicos), Concerto de Nadal, día da Paz, Celebración do Entroido, Festa das Letras Galegas... Participarase activamente na Radio escolar do Centro.

Ademais, poden xurdir diferentes propostas que son achegadas ao centro ao longo do curso dende distintos colectivos: concertos didácticos, charlas de músicos... e que se realizan no horario lectivo, no salón de actos do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
o indicador do logro se indicará cando finalice o curso
Metodoloxía empregada
o indicador do logro se indicará cando finalice o curso
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
o indicador do logro se indicará cando finalice o curso
Medidas de atención á diversidade
o indicador do logro se indicará cando finalice o curso
Clima de traballo na aula
o indicador do logro se indicará cando finalice o curso
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
o indicador do logro se indicará cando finalice o curso

Descrición:

O profesorado avaliará necesariamente os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos e co desenvolvemento das competencias clave. As conclusións extraídas de dita avaliación permitirán deseñar propostas de mellora. A síntese das conclusións extraídas da avaliación formará parte da memoria final do curso.

A través dos indicadores de logro avaliarase o proceso de ensino e a práctica docente. O instrumento de avaliación utilizado será a escala de valoración con catro niveles de consecución e valorarase en función da información recollida no caderno do profesor e a observación na aula. En base aos resultados elaboraranse unhas propostas de mellora que se terán en consideración para reaxustar, se fose necesario, a programación didáctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será obxecto de avaliación en dous ámbitos complementarios:

Nas xuntanzas preceptivas de departamento, nas que se fará un seguimento do cumprimento da programación e se tomará nota das propostas para o seu mellor aproveitamento e para a súa mellora.

Na memoria final de curso, na que si se suxiren cambios que acepte todo o Departamento, deberán ser trasladados á programación do curso seguinte.

A avaliación da programación didáctica realizarase mediante unha escala de Likert cos seguintes indicadores de logro:

1. As unidades didácticas adecuáronse aos elementos do currículo.
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
3. Asígnouse a cada criterio o peso correspondente na cualificación e un mínimo para a superación da materia.
4. Cada criterio foi vinculado a un instrumento para a súa avaliación e este foi axeitado.
5. Cada unidade recolleu os elementos transversais a desenvolver.
6. A secuencia de traballo na aula foi adecuada.
7. Os materiais didácticos utilizados foron adecuados.
8. O plan de avaliación deseñado foi adecuado.
9. A atención á diversidade e alumnado con NEAE foron adecuadas.
10. O desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas foi adecuado.
11. O seguimento e a revisión da programación ao longo do curso foron adecuados.
12. A avaliación da práctica docente e do proceso de ensino-aprendizaxe foi adecuado.
13. A materia contribuíu ao plan de lectura do centro.
14. As TIC integráronse no desenvolvemento da materia.
15. A materia integrouse nos distintos proxectos do centro.

9. Outros apartados